

1. IDENTIDADE E VALORES

A sociedade actual é moi diferente a do momento do nacemento da Asociación Adisbismur. Pero pese os avances hai algo que non cambiou, as persoas con discapacidade queren ser donas das súas vidas e protagonistas da sociedade na que viven.

En Adisbismur queremos ofrecer respostas as necesidades de estas persoas o longo do seu ciclo vital.

O noso carácter social, fainos ser coherentes con outros temas que poderían non ser directamente do noso ámbito de actuación pero dos que non podemos evadirnos como é o medio ambiente. Como asociación con múltiples actividades debemos contribuír cas nosas accións a mitigar os efectos do cambio climático.

GRUPOS DE INTERESE

- Persoal.
O noso equipo humano é o noso principal activo. A asociación comprométese a tratar sempre as persoas con honestidade, ríspeto, diálogo, transparencia e sensibilidade. Un obxectivo común e un traballo de calidade fan que cada ano a nosa plantilla medre. Desenrolamos unha política salarial xusta e de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Usuarios/as e familias.
Ofrecemos cobertura a unha demanda de necesidades sociais, formativas, laborais, de rehabilitación, de ocio... co obxectivo de aumentar a súa calidade de vida e proporcionar espazos de respiro as familias.
- Socios/as.
Adisbismur vela de maneira especial polo ríspeto a súa dignidade, a confidencialidade dos seus datos persoais e a non discriminación.
- Voluntarios/as.
Consideramos o voluntariado como un capital humano complementario o laboral.
- Sociedade.
A total integración das persoas con discapacidade non é posible sin o apoio, a implicación e a colaboración de todos os Axentes Sociais.
- Provedores.
A relación cos provedores basearase na confianza, ríspeto e honestidade fomentamos unha relación sólida e duradeira.
- Entidades públicas e privadas.
Son os nosos grandes aliados para levar a cabo a financiación de programas, concesión de subvencións e a firma de convenios en beneficio do colectivo da discapacidade.

1.1. PROPÓSITO, PRINCIPIOS, VALORES E CÓDIGO ÉTICO

PROPÓSITO

Acadar unha sociedade que ofrezca a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

VISIÓN.

Ser unha entidade referente en Galicia, no sector da discapacidade, ser recoñecida socialmente pola súa calidade nos servizos para conseguir unha sociedade máis xusta, igualitaria e participativa.

PRINCIPIOS E VALORES.

- A persoa con discapacidade como centro do noso traballo e dos nosos obxectivos.
- Igualdade, diversidade, pluralidade de roles e identidade de xénero para conseguir a plena integración.
- Transparencia en todos os procesos, na xestión de recursos e servizos ofrecidos, no traballo do equipo técnico e na actuación dos órganos de goberno.
- Calidade na prestación dos nosos servizos por profesionais cualificados e especializados, seguindo o modelo de Xestión EFQM de Excelencia.
- Compromiso social para chegar a consecución dos dereitos das persoas con discapacidade en sinerxía co resto dos axentes sociais do territorio.
- Eficiencia xestionando adecuadamente os recursos dos que dispoñemos.
- Apoio mutuo entre traballadores/as, voluntarios/as e familias para un xeitoso desenvolvemento das actividades fomentando o empoderamento.

CÓDIGO ÉTICO

O código ético de Adisbismur é o documento de autorregulación que, xunto cos Estatutos, reúne as normas, criterios e valores que resumen o bo exercicio da nosa actividade cos seguintes obxectivos:

- Por a énfase no feito de que Adisbismur por encima de todo é unha organización comprometida e dirixida por valores.
- Servir de orientación e guía de conduta na actuación de Adisbismur e das persoas que a integran.
- Identificar e poñer en valor a cultura de Adisbismur cos seus principios e valores.

1.2 MARCA ADISBISMUR

A Asociación de Discapacitados da Bisbarra de Muros (ADISBISMUR), antes chamado Grupo de Minusválidos da Comarca de Muros, constitúese en xuño



Memoria Sostenibilidade 2021

do ano 1982, para loitar pola integración das persoas con discapacidade da comarca.

Elabóranse campañas de mentalización cidadá da discapacidade, un plan de eliminación de barreiras nos concellos, etc

No ano 1990 crease unha cooperativa que comeza a funcionar cun total de 23 persoas con discapacidade da comarca.

No 1999 crease un centro especial de emprego, con 6 traballadores, e fan toda clase de traballos en madeira.

No ano 2004 comeza a funcionar o centro ocupacional con 18 persoas con discapacidade, nun principio en horario de mañá, xa que non temos financiamento para abrir o comedor, ademais necesitamos máis transporte adaptado e contratar a máis profesionais. Nestes momentos o centro conta con 46 usuarios/as e 19 profesionais.

1.3 ESTRATÉXIA E ESTRUTURA.

Adisbismur dispón de un centro de recursos (Centro de día e Centro ocupacional), unhas oficinas en Muros para atención e asesoramento a persoas con discapacidade e unha mini residencia na Robaleira (Abelleira) para respiro familiar.

Adisbismur é a denominación coa que se coñece a Asociación, entidade sen ánimo de lucro, constituída no 1982 como Grupo de minusvalidos da comarca de Muros.

ESTRUTURA DE GOBERNO

Os órganos reitores da Asociación son a Xunta directiva e a Dirección.

1.4 SERVIZOS ADISBISMUR

Centro de día:

Ofrecemos terapia ocupacional, logopedia, fisioterapia e educación social, a persoas con discapacidade para mellorar as súas condicións de vida.

Proporcionamos atención a cuidados persoais, servizo de comedor, dinámicas para a autonomía persoal e actividades de ocio e tempo libre.

Contamos con 20 prazas.

Centro ocupacional:

Especializado en atención a persoas adultas con discapacidade intelectual moderada e leve, que polas súas características non poden integrarse no mundo laboral. Realizamos actividades ocupacionais, educativas, rehabilitadoras, e de axuste persoal e social. Dispoñemos de 50 prazas.

Atención e asesoramento socios:

Temos unha oficina situada na segunda planta do centro de día do concello de Muros, onde se da resposta ás necesidades de formación, informase sobre os diferentes programas, recursos, proxectos...que podan ser de interese en base ás súas necesidades e expectativas e facilitase o acceso os diferentes

recursos das administracións e tramitar a documentación pertinente para cada trámite.

Respiro familiar:

Situada na residencia de A Robaleira, Abelleira (Muros), onde acoden 4 usuarios/as nas fins de semana.

2. VALOR HUMANO. O NOSO MAIOR CAPITAL.

2.1 AMBITO SOCIAL

Adisbismur abandeira, dende os seus inicios, plantexamentos progresistas para dar solución as numerosas necesidades e dificultades coas que se atopa o colectivo de persoas con discapacidade.

As persoas con discapacidade constitúen un sector da poboación heteroxéneo, todas teñen un factor común, en maior ou menor medida precisan de garantías suplementarias para vivir en plenitude de dereitos ou para participar en igualdade de condición na vida económica, social e cultural.

Esta heteroxeneidade supón dende os nosos inicios un gran desafío, xa que nos leva a necesidade de diversificar os nosos programas e servizos con fin de adaptalos as distintas e cambiantes necesidades do noso colectivo.

O desemprego e as situacións de necesidade teñen un impacto directo nas persoas con discapacidade. A dificultade que xa supón conseguir un emprego para as persoas que non teñen discapacidade, hai que engadirle as múltiples barreiras arquitectónicas e os numerosos estereotipos creados en torno a discapacidade.

2.2. EMPREGO DIRECTO.

En Adisbismur traballamos, de forma directa a 31 de decembro do 2021, 19 persoas. A antigüidade da plantilla é de 15 anos. Ofrecéronse 281 horas de formación os/as empregados/as.

A estabilidade no emprego é unha prioridade. No exercicio 2021, o 68% da plantilla dispón dun contrato indefinido e o 58% dun contrato a xornada completa.

Os dereitos e obrigas dos profesionais recóllense de acordo a lexislación e os requisitos españois.

	2019	2020	2021
Fixos	13	14	14
Temporais	6	3	6
TOTAIS	19	17	20

	2019	2020	2021
Mulleres	12	12	14
Homes	4	2	3

Sin discapacidade	16	14	17
Mulleres	1	1	0
Homes	2	2	3
Con discapacidade	3	3	3
TOTAIS	19	17	20

2.3.FOMENTO DO EMPREGO

Dispoñemos dun Manual de Acollida para facilitar o progreso de incorporación os/as novos empregados/as, e unha serie de procedementos que garantan a adaptación do posto de traballo a circunstancia de cada persoa.

Os tramos de idade do persoal son os seguintes:

	Ano 2020			Ano 2021		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
<u>Menores de 31</u>	1	2	3	2	3	5
<u>Entre 31 e 45</u>	1	7	8	2	7	9
<u>Maiores de 45</u>	2	4	6	2	4	6
TOTAIS	4	13	17	6	14	20

2.4 . CALIDADE NO NOSO EMPREGO

As persoas con discapacidade son unha fonte importante de talento para a entidade e teñen dereito a traballar e desfrutar das mesmas condición de traballo digno que calquera traballador/a.

Adisbismur xera e promove emprego das persoas con discapacidade a través do seu centro especial de emprego.

En 2020 fixéronse mais de 700 horas de formación, a maioría destas horas estiveron dirixidas a empregados que non eran directivos nin mandos intermedios.

Entre as principais materias nas que se formaron os empregados foron na COVID-19 e formación específica nos diferentes postos de traballo.

Para manter e mellorar os nosos servizos, Adisbismur necesita atraer novos talentos e persoal especializado que lles permita innovar e mellorar a súa operatividade. Pero tamén é necesario desenrolar medidas para conservar os equipos que manteñen a forma de facer da entidade.

3. NOSO MODELO DE SOSTENIBILIDADE

3.1. PRINCIPAIS LÍNEAS ESTRATÉXICAS.

A revolución tecnolóxica, os novos modelos de relación sociais e de xestión dos recursos humanos proponos novos retos os que debemos facer fronte. A todo isto hai que unir como elemento fundamental o novo

posicionamento das persoas con discapacidade na nosa sociedade, que nos plantexan novas reivindicacións e o acceso a novas oportunidades que van da man das tradicionais.

O primeiro paso foi a elaboración dun análise DAFO que nos permitiu coñecer as nosas debilidades, as ameazas que poden afectar o noso futuro e a viabilidade da organización pero tamén de ser conscientes das nosas fortalezas así como a detección de oportunidades.

Tras facer o DAFO propuxéronse seis liñas estratéxicas na que a entidade debería centrar a súa actividade durante o período 2019-2022.

As liñas de actuación aprobadas polo comité do plan estratéxico foron:

1. Comunicaci3ns
2. Financiamento
3. Formaci3n
4. Persoal
5. Certificaci3ns
6. Servizos.

Posto que estas liñas est3n previstas para un per3odo de tempo de 4 anos, aprobouse para este ano 2021 as liñas de:

1. Manter as actividades e talleres.
2. Respiro familiar.
3. Conseguir a integraci3n laboral dalg3n/ha usuario/a
4. Aumentar o n3mero de prazas p3blicas tendo de C.D como de C.O.
5. Aumentar a capacidade de usuarios/as de centro de D3a.
6. Mellorar a aula de fisioterapia.
7. Aumentar extensi3n, producci3n e variedade de cultivo.
8. Mellorar a aula de inform3tica.

1- MANTER AS ACTIVIDADES E TALLERES.

Que se realizaron o ano anterior.

2- RESPIRO FAMILIAR

3a unha actividade importante tanto para as familias como para as persoas usuarias a3nda que non temos ningunha subvenci3n intentaremos seguir mantendo este servizo.

3- CONSEGUIR A INTEGRACI3N LABORAL DALG3N USUARIO/A.

Aproveitar o proxecto de agricultura ecol3xica para a integraci3n laboral dalg3n/ha usuario/a.

4- AUMENTAR O N3MERO DE PRAZAS P3BLICAS TANTO DE C.D COMO DE C.O:

Dende o ano 2019 temos concedidas, por parte da Xunta, 3 prazas, pero, debido a pandemia non se levou a cabo a resoluci3n.

5- AUMENTAR A CAPACIDADE DO CENTRO DE D3A.

O Centro de Día ten unha capacidade de 20 prazas, e debido ao incremento de usuarios/as, está completo, polo que necesitamos aumentar a capacidade. Ca remodelación realizada no Centro na súa parte Leste, podemos aumentar a capacidade en 20 prazas mais. Xa temos feita a solicitude e estamos adaptando o sistema contraincendios para que a consellería nos autorice a ampliación.

6- MELLORAR A AULA DE FISIOTERAPIA.

A Xunta Directiva está en contacto con varias empresas, para colaborar na creación dunha aula de fisioterapia, equipada con tecnoloxía de vangarda, para prestar atención especializada, tanto a nenos/as como a maiores, das comarcas limítrofes.

7- AUMENTAR A EXTENSIÓN, PRODUCCIÓN E VARIEDADE DO CULTIVO.

Retomaremos as conversas co Concello de Mazaricos e Outes, para a cesión de terreos, para aumentar os terreos de produción hortícola así como a produción e a variedade de produtos.

8- MELLORAR A AULA DE INFORMÁTICA.

Algúns ordenadores están obsoletos polo que durante este ano solicitaremos a Deputación Provincial de A Coruña, unha subvención para a adquisición de 6 novos ordenadores, e así ofrecer un mellor servizo aos/as usuarios/as do Centro.

3.2. PRINCIPAIS RISCOS.

En Adisbismur contribuímos a crear valor na sociedade a través da acción social, a creación do emprego, a accesibilidade universal, a rehabilitación e as compras a provedores locais.

Adisbismur atopase sometida a diversos riscos inherentes a súa actividade e os distintos sectores nos que opera. A continuación resumimos os riscos identificados.

A) **Riscos operacionais.**

a.1. **Riscos reputacionais, éticos e de dereitos humanos.**

Derivados de potenciais comportamentos contrarios as directrices establecidas nas políticas e códigos en materia de dereitos humanos, ética e anticorrupción.

Para minimizar este risco, Adisbismur desenrolou diversas políticas e iniciativas como, por exemplo, Implantación dun sistema de xestión de calidade, a Política de medio ambiente, Protocolo de detección e tratamento de situacións de malos tratos. Temos previsto desenrolar un Código Ético, un de Bo Goberno, un Plan de igualdade e un protocolo

de actuación para a detección e tratamento de situacións de violencia de xénero.

A entidade dispón dun canal de denuncias específico para dar resposta as denuncias e conflitos que poidan xurdir neste campo.

a.2. Riscos derivados da actividade.

Neste apartado inclúense os posibles riscos derivados de problemas de xestión, fallos de calidade no servizo, tecnolóxicos, etc. Para minimizar estes riscos, desenrolamos numerosas iniciativas de mellora, seguimento, medición derivadas do noso sistema de xestión EFQM.

B) Riscos fortuitos

b.1. Riscos ambientais.

Adisbismur conta cunha política de medioambiente, e as responsabilidades e recursos necesarios para a adecuada xestión da situación de crise debido a un incidente eventual, ocorrido nas instalacións e que poda dar lugar unha afección o medio ambiente.

b.2. Riscos relacionados ca seguridade e saúde.

Os/as traballadores/as son o principal activo da entidade, por iso o seu benestar e desenrolo do seu traballo con seguridade, leva a xestión da prevención de riscos laborais e a saúde laboral é unha das prioridades.

C) Confidencialidade e privacidade.

Adisbismur considera que na actualidade a información converteuse nun activo estratéxico para os negocios e as persoas. Por iso, establece mecanismos necesarios para manter a privacidade da información e a protección dos datos dos seus grupos de interese, así como para xestionar e tratar adecuadamente a documentación en función do seu nivel de relevancia.

3.3. POLITICA DE SOSTENIBILIDADE

Adisbismur é consciente de que as súas actuacións repercuten directamente sobre o entorno, polo que a sostibilidade se posiciona como un elemento clave, tal e como queda reflectido na súa cultura corporativa e no desenrolo dos mecanismos necesarios para crear valor para todos os seus grupos de interese. Así mesmo apoia firmemente o cumprimento do Pacto Mundial de Nacións Unidas.

ADISBISMUR manifesta e asume o compromiso de desenrolar as súas actividades co debido respecto pola protección do medio ambiente e mellorando continuamente as súas prácticas ambientais.

Teranse en conta os seguintes principios:

- Realizar o esforzo necesario para identificar, caracterizar e minimizar o impacto ambiental derivado das actividades da asociación.

- Sensibilizar, informar e formar sobre os aspectos ambientais derivados das nosas actividades, produtos e servizos sobre a xestión ambiental a todo o persoal do centro, usuarios/as e provedores.
 - Promover a comunicación interna e externa con criterios de transparencia e invitar os nosos provedores a aplicar unhas normas ambientais equivalentes as propostas por ADISBISMUR.
 - Utilización sostible de recursos naturais, promovendo sobre todo o aforro enerxético no desenvolvemento das nosas actividades e reducindo na medida do posible o consumo de materias primas, así como a utilización de produtos máis respectuosos co medio ambiente, mediante a aplicación das mellores tecnoloxías posibles economicamente viables.
 - Minimizar a xeración de residuos e realizar a xestión dos mesmos intentando reutilizar, recuperar e reciclar fronte a eliminar sempre que sexa posible.
 - O sistema de xestión Ambiental está aberto para a participación activa de todo o persoal e para incluír as suxestións de mellora propostas por nosos/as empregados/as, co obxecto de promover a mellora continua.
- A dirección ten a responsabilidade de asegurar que esta política é comprendida e mantida por todos/as e en todos os niveis da organización e que está a disposición dos nosos grupos de interese.

Esta política debe ser dinámica e adaptada á situación cambiante do entorno. Adisbismur comprométese a ofrecer información transparente, fiable e veraz sobre o seu desempeño a través da súa Memoria de Sostenibilidade, así como de calquera outro canal que se considere adecuado para cumprir con dito compromiso.

GARANTÍA DE CALIDADE

Adisbismur consegue a súa primeira certificación no ano 2019, o selo EFQM 200+ do club da Excelencia de Xestión, tendo que volver a renovar en xuño do ano próximo.

O noso plan de calidade define a metodoloxía para realizar o seguimento, control e avaliación dos procesos. Realizamos auditorías internas e externas, analizamos posibles non conformidades, definimos accións correctivas e preventivas, analizamos a formación do persoal, aseguramos a satisfacción dos/as usuarios/as e resto de grupos de interese e revisamos anualmente o Sistema de Xestión.

Responsabilidades económicas, ambientais e sociais.

A organización de Adisbismur está composta por Xunta Directiva, Administración que leva a parte económica e de RRHH, Dirección, Responsable de calidade (que se encarga de xestión medioambiental), especialistas (terapeuta ocupacional, psicóloga/o, educadoras/es sociais, pedagoga/o, fisioterapeuta, logopeda), monitoras/es, cociñeira/o, persoal de limpeza e coidadoras/es.

4. HUELLA E IMPACTO SOCIAIS.

4.1. MELLORAS SOCIAIS.

4.2. SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.

Adisbismur responsabilizase e adquire o compromiso de levar a cabo a mellora das condición de traballo das/os suas/seus empregadas/os, ademais de promover a inserción laboral das persoas con discapacidade.

Neste ano formouse a todo o persoal en materia de prevención de riscos e unha traballadora realizou o curso de Soporte vital básico e DEA.

4.3. IGUALDADE.

Traballamos pola mellora continua das condicións necesarias para asegurar a igualdade de oportunidades e a calidade de vida das persoas con discapacidade.

Accións desenroladas.

Acción formativa con xestión externa.

“Formación en igualdade laboral”

Dirección xeral de relacións laborais da Xunta de Galicia

Sesións:1

Persoas beneficiarias: 2 traballaras/es (persoal de dirección e administración)

As condicións de contratación do persoal, recollidas no Convenio Colectivo, garantan que os salarios que se aplican na entidade sexan iguais para mulleres e homes.

4.4. ÁMBITO MEDIOAMBIENTAL.

Entendemos como aspecto medioambiental a calquera elemento das actividades, produtos e servizos da Fundación que podan interactuar co medioambiente.

A entidade conta cunha política medioambiental que inclúe o compromiso de protección do medio ambiente e a mellora continua e tal como indica a nosa política tódalas actividades que se realizan fanse da maneira máis respectuosa co medioambiente, favorecendo a conservación da biodiversidade e a xestión sostible dos recursos naturais.

Por iso, a través do traballo realizado polo comité de calidade, a Dirección comprométese a:

- Manter un Sistema de Xestión da Calidade e unha Política Medioambiental flexible, transparente e eficaz de acordo coa filosofía da organización.

- Establecer obxectivos e metas que consideren a Calidade e o Medioambiente como parte integrante do traballo diario.
- Promover a participación e a colaboración de todo o persoal da entidade encamiñada a prever os fallos antes de que ocorran.
- Cumprir cos requisitos legais e aplicables de calidade e ambientais.
- Manter un compromiso activo para reducir os residuos, utilizando prácticas e produtos máis respectuosos co medioambiente.

Durante este ano, leváronse a cabo o cambio de luminarias nas oficinas e aulas do centro por iluminación led ou de baixo consumo. En canto o consumo de papel, 60 paquetes de 500 folios que son 23 paquetes máis que o ano anterior, o non resultar un dato positivo estamos reforzando a concienciación e sensibilización. O noso centro conta con contedores para a recollida selectiva de residuos para a súa posterior reciclaxe, tanto para o papel, como para plásticos e envases, residuos orgánicos e tóners usados procedentes de fotocopiadoras e impresoras.

4.5. **SENSIBILIZACIÓN.**

A. **SOCIEDADE**

ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS.

Realizamos charlas, obradoiros de cestería, cerámica e viveiros e deporte adaptado, que permiten os máis pequenos coñecer e vivir o que é a discapacidade dentro do seu propio entorno. Neste ano non puidemos realizar ningunha debido o COVID-19.

VOLUNTARIADO.

A acción voluntaria é fundamental para fomentar a importancia da solidariedade como valor persoal e como motor de construción dunha sociedade máis xusta.

Actualmente contamos con 3 voluntarias/os que interveñen no noso centro ou en actividades puntuais.

Participamos no programa de Voluntariado da Xunta de Galicia.

4.6. **ÁMBITO FORMATIVO.**

4.7. **ALIANZAS.**

XV Xornadas de información sociosanitaria de Outes

5. **AMBITO ECONÓMICO**

5.1. **BALANCE ECONÓMICO**

A. **FORTALEZAS.**

Os ingresos dos nosos talleres este ano 2021 foi de 17.881€ e as Subvencións de 176.158,68€.

B. **DEBILIDADES.**

A subida dos precios do gasoil, de productos alimentarios, da electricidade...fai

5.2. **POLÍTICA ECONÓMICO FINANCEIRA**

Articulase en torno o Plan de Actuación, que marca anualmente as directrices económicas e sociais e que desenrola as liñas orzamentarias aprobadas realizada pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea

5.3. **COMPRAS E APROVISIONAMENTO.**

O proceso de compras está enfocado as compras importantes de subministracións, servizos e inmovilizado necesario para a entidade.

O proceso de selección e avaliación dos provedores efectuase con imparcialidade, rigor e obxectividade. Así mesmo as condición de pago coas entidades proveedoras están adecuadamente definidas e recollidas por escrito.

En 2021 o gasto total a provedores ascendeu a 142.734,65€.

Neste mesmo ano adquirise produtos e servizos a un total de provedores dos cales o 44% corresponden a provedores locais. As principais familias de produtos e servizos que se adquiriron foron subministro de restauración, subministracións (gas e electricidade), seguros, maquinaria, produtos de limpeza, entre outras.

Neste ano, revisamos o contrato de mantemento dos Sistemas contra incendios, as pólizas de seguro de Danos materiais e de vehículos.

Tamén controlamos a renovación dos contratos de mantemento dos ascensores, dos equipos multifunción (custo por copia de impresoras e fotocopiadoras e dos transformadores e grupos electróxeos).

5.4. **BALANCE GLOBAL.**

Durante o exercicio 2021 experimentouse un 22% nos ingresos totais con respecto o 2020.

Este crecemento nos nosos ingresos vanse destinar como non pode ser de outra maneira a mellora da calidade da vida das/os nosas/oa usuarias/os.

Desta maneira, achegamonos o noso fin último: a plena normalización das persoas con discapacidade.